



CAXOTO CONTACONTOS

A trastenda dos contos

A COMPAÑÍA

Felipe Díaz (Caxoto) está detrás do mostrador de *A Trastenda dos Contos*, un proxecto nado no 2012 para que a narración oral conflúa con outras disciplinas artísticas, actividades lúdicas, artes escénicas, contidos educativos, a formación en valores ou o enfoque social. **Caxoto** entrou en contacto coa oralidade ao chegar a Kalandraka, onde empezou de mozo de almacén, e converteuse en contador nunha campaña de animación á lectura durante catro meses. Desde entón xirou por toda Galicia e participou activamente na creación do Festival de Narración Oral Atlántica.

O ESPECTÁCULO

Nicasso, un pintor de brocha gorda. Todo o mundo sabe que Picasso foi un dos grandes artistas da historia, pero non que viviu cinco anos determinantes na Coruña.

Carteiro en bicicleta (Letras Galegas). Un carteiro dos fai o seu percorrido diario. Polo rúeiro descubrimos as placas con nomes insignes: Rosalía, Castelao, Cunqueiro...

O berce das verbas (contos para bebés). Con palabra, música en directo e imaxinación créase para os máis pequeños un espazo no que poder soñar sen necesidade de durmir. Contos de medo que deixan durmir. Un aprendiz de enterrador conta as súas experiencias máis aterradoramente divertidas, propias para unha peza retranqueira e atraente.

Contos para escoitar mentres bailamos un valse (contos musicais). Un director de orquestra achéganos á increíble historia da viaxe que fixo Sabela polos instrumentos.

Contos vellos, novos finais (dá igual a idade). Caxoto repasa os estereotipos dos contos tradicionais para desmontalos e pensar-mos sobre a situación das mulleres na nosa sociedade.


FICHA ARTÍSTICA

Dirección e Elenco: Felipe Díaz (Caxoto)

Técnica Teatral: narración oral

Público: Todas as idades

 info

 ver vídeo

www.culturactiva.org 